

CONCERTO DE ANINOVO



6 de xaneiro ás 18:00 no Centro Sociocultural de Rábade

Coro da Asociación Músico Crisanto

Panxoliñas de Nadal

O Coro está formado por uns 30 cantores e dirixido por Esperanza Iglesias Méndez. Desde o seu nacemento, esta formación sempre procurou manterse activa na programación de concertos vinculados á Escola Municipal de Música, en Festivais Solidarios a favor de ONGs, participando en intercambios con outras corais da Comunidade de Galicia

e outros eventos culturais como os concertos na Casa-Museo de Manuel María en Outeiro de Rei, Museo Provincial de Lugo e a entrega das últimas edicións do Grelo de Ouro, no Paraninfo da Facultade de Historia de Santiago de Compostela.

Na actualidade, segue avanzando na ampliación do seu repertorio, que abarca dende a música tradicional galega ata partituras de música antiga española e zarzuela.

**“Niño Dios
d'amor herido”
Francisco Guerrero**

**“Festejo de Navidad
(Perú)”. A. Ostoja,
Herbert Bittrich**

Andrea Vilar López

Recital de piano

Andrea Vilar (Rábade, 1997), comeza a súa formación no Conservatorio Profesional de Música Xoán Montes de Lugo. Alí gradúase, acadando o Premio de Fin de Grao co profesor Juan Ignacio Martínez Pardo.

Ao longo do seu crecemento musical, Andrea recibiu consellos de profesores da altura de Eldar Nebolsin, Kennedy Moretti, Cibrán Sierra, os membros do Cuarteto Casals, Viktoria Mushkatkol, Ludovica Mosca ou Andrej Pikul.

Foi galardoada repetidas veces como solista do seu conservatorio e foi premiada pola Xunta de Galicia co Premio Extraordinario ás Ensinanzas Artísticas Profesionais.

Pero o seu interese e ansias por aprender chegan máis aló deste formato, xa que Andrea se introduce sempre que pode no mundo da Música de Cámara, do Lied e dos grandes grupos instrumentais, como a Orquestra Sinfónica da Escola Superior de Música de Catalunya (ESMUC).

Actualmente reside en Barcelona, onde estuda o segundo curso de Grao Superior na especialidade de Interpretación Clásica e Contemporánea da ESMUC co profesor Jordi Camell Illari.

**“Variacións serias”
Op. 54
Felix Mendelssohn**

**“Impromptu en Lab”
Op.90 N.4
Franz Schubert**

**“Toccata en Do menor”
BWV 991
J. S. Bach**

**“Dream Images”
de Makrokosmos Vol. 1-11
George Crumb**